

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG10I1FH	CON/62/2015	17-08-16 13:50

Destinatario

Número 38 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015

15078DCMG10I1FHc



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de agosto de 2016, adoptou o seguinte acordo:

**38 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REPARACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA TERESA JORNET E ANEXAS - POS ADICIONAL 1/2015**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 9 de agosto de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial, así como do informe favorable nº 455/2016, da Interventora municipal, da mesma data.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 12 de xullo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento CMG10I1FH	Expediente CON/62/2015	Fecha 17-08-16 13:50

Segundo: Con data 9 de agosto, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU, que oferta executar a obra por un importe de **120.198'11 euros** (IVE aparte 21%: 25.241'60 euros), ó ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 61900.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU, que oferta executar a obra por un importe de **120.198'11 euros** (IVE aparte 21%: 25.241'60 euros), ó ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 61900.**

**O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Jorge Duarte Vázquez

